

# Anabel Montesinos

Concerto: día 28 de marzo de 2025,  
19:00 horas (entrada libre)

Curso: días 29 e 30 de marzo,  
de 10:00 a 20:00 horas

Auditorio do CMUS Santiago  
[www.conservatoriosantiago.gal](http://www.conservatoriosantiago.gal)

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ENSEÑANZA,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Cofinanciado por  
la Unión Europea



MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN  
Y FORMACIÓN PROFESIONAL



Fondos Europeos



XUNTA  
DE GALICIA

## ORGANIZACIÓN

Departamento de Guitarra  
Conservatorio Profesional Santiago  
Av. Monte dos Postes S/N 15703 Santiago

## INSCRICIÓN:

Para a inscrición, débense mandar os seguintes datos, xunto con copia do documento de pago da matrícula, ao correo:

[xaranova@edu.xunta.gal](mailto:xaranova@edu.xunta.gal)

- Nome
- Apelidos
- Data nacemento
- Dirección
- Teléfono
- Mail
- Obras a traballar (só activas/os)
- Preferencia: mañá/tarde

## COLABORAN



Pauta  
Tu tienda de música en Santiago



AirClassical  
Estudio de gravación Santiago



Anabel Montesinos foi a gañadora máis nova (con dezasete anos) do Certame Internacional de Guitarra Francisco Tárrega, o máis antigo e importante concurso de guitarra clásica en todo o mundo. É orixinaria de Hospitalet del Infante, unha vila de la provincia de Tarragona, onde comezou os seus estudos de música á idade de de 5 anos. Iníciouse no Conservatorio de Tarragona e continuou no Conservatorio Superior de Alicante. Con 19 anos trasladouse a Austria. Alí completou a formación no Mozarteum de Salzburgo e na Anton Bruckner Privatuniversität de Linz, onde rematou os seus estudos co título de Magister. Gañadora de máis de dez primeiros premios internacionais como o Concurso Michele Pittaluga Citá di Alessandria en Italia, Julián Arcas en España ou Raifeisenwettbewerb en Salzburgo, por citar os máis destacados, Anabel Montesinos tocou nalgunhas das máis importantes salas de concerto en todo o mundo, entre elas o Carnegie Hall de Nueva York, no que debuta en 2011. Colaborou tamén con prestixosas orquestras, como a de Torino, a Sinfónica Simón Bolívar de Venezuela, a Sinfónica de Sundsvall en Suecia, as filharmónicas de Oulu (Finlandia), a da Habana, a de Moscú ou a Pomeranian de Polonia, entre moitas outras. Anabel ten un moi bo recordo da colaboración coa Filharmónica de Berlín, coa que interpretou o Concierto de Aranjuez para a serie de concertos ao aire libre de Potsdam (Berlín), diante de máis de 4.000 persoas. É cidadá honoraria da cidade de Solero, en Italia, desde o ano 2011. Ese mesmo ano foille concedida a Guitarra de Ouro no Concurso Internacional de Guitarra de Alessandria (Italia) en recoñecemento á súa traxectoria artística. Gravou dous cd para Naxos que tiveron grande éxito e *Alma Llanera* é o seu último traballo.

## MATRÍCULA NO CURSO

Activos (alumnado do CMUS Santiago): 40 €

Activos (externos): 60 €

Oíntes: 20 €

O alumnado que participe como activo terá dereito a dúas clases individuais de 45 min. entre os días 29 e 30 de marzo, en horario de mañá ou tarde. O departamento de Guitarra organizará os horarios do curso respectando na medida do posible as preferencias dos matriculados. Recoméndase facer constar esas preferencias horarias no mail de inscrición.

As prazas adxudicaranse por orde de chegada dos formularios, que deberán vir acompañados do comprobante de pago da matrícula no seguinte número de conta:

IBAN ES04 2080 0348 3030 4001 1278

BIC CAGLESMMVIG

Concepto: Curso Anabel + nome alumno

Non se admiten envíos por correo ordinario; só a través do mail que figura nos datos de contacto, onde tamén se pode consultar calquera posible dúbida. O número de prazas para activos é de 10. A inscrición abrírase o día 17 de xaneiro e pecharase o 27 de marzo de 2025, ou no momento en que se completen as prazas. Non hai límite de prazas para oíntes. Non se poderá anular a matrícula nin solicitar a devolución do ingreso unha vez efectuado. Todos os participantes obterán un certificado de asistencia con recoñecemento de horas expedido polo centro.